

## Burka

Recluída nun alxube de algodón  
limitada por barrotes verticais e horizontais  
teño a existencia trabada.  
Vítima designada no Corán  
ocultan a dexeneración que represento  
nun manto carcerario.  
Só me permiten comunicar nun locutorio de tupidas reixas.  
Incluso as rúas son prisións  
con galerías enreixadas  
con casas que son celas  
con fiestras trancadas  
con xente cuadrículada.  
O meu mundo é un panal sen mel.  
Son una abella doente dentro do panal  
ferida por una aguillón fanático.  
No meu dorido claustro  
o sol é unha sandía franxeada  
que me espeta pebidas famentas nas vísceras.  
Levo a celosía incrustada nos ollos  
ocelos cuarteados dun insecto  
ollos fartos de transformar na mente  
o cadro en circunferencia  
de humanizar unha paisaxe cubiforme.

O cubismo é unha arte dirixida á intelixencia  
cando a liberdade permite ver e pensar.

Engaiolada entre cegos cadros de Gris  
só os meus peitos invisibles, innomeables,  
son humanos.

Tramaron tecidos na miña mente.  
Vencida  
presa no propio *entramado*  
penso o mundo cunha malla.  
Cansa  
abandono a mente na calceta  
refúxiome entre reixas  
vólvome vainica.

Non hai vida alén da burka  
a miña liberdade é encerrarme nela.

Pido esmola abatida na poeira do camiño.  
O meu cadaleito será enreixado.

Queizán, M<sup>a</sup> Xosé:

*iSentinela, alerta!* Xerais 2002